

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Anuncio

EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE USO PRIVATIVO DOS POSTOS DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME (ADXUDICACIÓN DIRECTA) (Expediente: 2021/C006/000001)

APERTURA DE PRAZO PARA PRESENTACIÓN DE OFERTAS.

En data 26/10/2021, ditouse o Decreto Nº 663/2021, que de seguido se transcribe no seu literal:

“Descrición decreto: EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE USO PRIVATIVO DOS POSTOS DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME (ADXUDICACIÓN DIRECTA) (Expediente: 2021/C006/000001)

EXPEDIENTE Nº 2021/G003/000631

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Logo de ver o informe técnico de necesidade asinado dixitalmente en data 27/08/2021.

Tendo en conta a memoria xustificativa asinada dixitalmente en data 01/10/2021

*Por Decreto **600/2021** de **01/10/2021** , resolveuse, entre outros:*

“PRIMEIRO. Incoar o procedemento para a concesión de uso privativo dos postos do Mercado Municipal de Ponte deume (adxudicación directa), os seguintes:

Nº	USO	m2		M2 TOTAIS	
		LOCAL	Nº ALMACÉN	M2 ALMACÉN	
4	PEIXERÍA	17,98	4	7,27	25,25
6	CARNICERÍA	26,93	6	6,29	33,22
7	PRODUTOS LOCAIS	8,35	0	1,98	10,33
8	PRODUTOS LOCAIS	8,35	0	1,98	10,33
16	ALIMENTACIÓN ECOLÓXICA	16,70	16	7,60	24,30

Mediante o procedemento de adxudicación directa, atendendo a unha pluralidade de criterios de adxudicación, segundo o disposto no Regulamento do Mercado Municipal de Ponte deume, (Modificación nº 1. BOP nº 103 de 03.06.2021).



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO. Que se dea traslado da memoria xustificativa e da documentación complementaria á Secretaría Xeral, e se incorporen ó expediente administrativo os pregos de cláusulas administrativas particulares e os informes xurídicos.

TERCEIRO. Que se dea traslado do expediente á Intervención Municipal para a fiscalización do expediente.

...//...”

Tendo en conta o prego de cláusulas administrativas asinado dixitalmente en data 08/10/2021.

Logo de ver o informe da Secretaría de data 11.10.2021

Á vista do informe de fiscalización 339.2021 intervención municipal, de data 22/10/2021, favorable con observacións.

Á vista do anteriormente exposto e de conformidade co establecido no “Regulamento do Mercado Municipal e Ponte deume” (BOP nº 103 de 03.06.2021) e na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. - Aprobar o expediente de contratación para a CONCESIÓN DE USO PRIVATIVO DOS POSTOS DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME (ADXUDICACIÓN DIRECTA) (Expediente: 2021/C006/000001), os seguintes:

Nº	USO	m2		M2 TOTAIS
		LOCAL	ALMACÉN	
4	PEIXERÍA	17,98	7,27	25,25
6	CARNICERÍA	26,93	6,29	33,22
7	PRODUTOS LOCAIS	8,35	1,98	10,33
8	PRODUTOS LOCAIS	8,35	1,98	10,33
16	ALIMENTACIÓN ECOLÓXICA	16,70	7,60	24,30

SEGUNDO. - Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do expediente 2021/C006/000001, asinados dixitalmente en data 08.10.2021.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TERCEIRO. - *Publicar o anuncio de apertura dun prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES para a presentación de ofertas para cobertura das vacantes na páxina web municipal, así como a memoria xustificativa e o prego de cláusulas administrativas particulares.*

CUARTO.- *Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)."

O que se fai público aos efectos oportunos e en cumprimento do contido do propio Decreto.

Documento asinado dixitalmente por Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente, en Ponte deume á data da sinatura dixital.

